



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS

Artigo 1.-Fundamento e Natureza.-

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladoras das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por Expedición de Documentos Administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cujas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

Artigo 2.-Feito Imponible.-

1.-Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade administrativa desenrolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2.-A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte, calquera documentación administrativa que fose presentada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non tivese mediado solicitude expresa do interesado.

Artigo 3.-Suxeito Pasivo.-

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en cuio interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trata.

Artigo 4.-Responsables.-

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 5.-Exencións Subxectivas.-

Gozarán de exención aqueles contribuíntes que obtiveran o beneficio xudicial de xustiza gratuíta, respecto ós expedientes que deban surtir efecto no procedemento xudicial en que foran declarados.

Artigo 6.-Cota Tributaria.-

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, que variará segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas seguintes tarifas:

1.Certificacións

Toda certificación expedida por funcionarios municipais pagará por cada páxina en concepto de reintegro 3 euros.

As certificacións referidas aos catro anos restantes do primeiro quinquenio, pagarán en concepto de dereitos de expedición 12 euros.

Cando a antigüidade dos datos, documentos ou asuntos sexa superior ao primeiro quinquenio, incrementarase a cota sinalada ao primeiro quinquenio anterior no 100%, sendo o máximo a percibir 24 euros.

2.Visados e compulsas

Todos os visados e compulsas da Alcaldía ou das súas delegacións, autoridades ou funcionarios municipais, calquera que sexa a autoridade, funcionario ou persoa que expedira o documento, pagará 1'20 euros.

Toda legalización de documentos para o cobro de sinistros ou calquera outra percepción pagará 1'20 euros.

3.Títulos

Todos os títulos que se estendan a funcionarios ou empregados municipais pagarán 4.80 euros.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

4. Contratos e outros documentos administrativos

Os contratos que se estendan e formalicen polas oficinas municipais, pagarán timbre municipal de 3 euros.

Todo escrito de incidencia en padróns ou matrículas pagará 1.20 euros.

A colocación de edictos e avisos no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial pagará por cada folio 1'20 euros.

5. Copias e fotocopias

Por cada fotocopia que a petición de parte se facilite por este Concello, pagarase 0'12 euros se é tamaño DIN A3 e 0'06 euros se é en DIN A4.

6. Copia de documentos

Toda copia que se solicite por informes da policía local, copia de atestados de policía local ou de actas, pagará 30 euros.

7. Participación en procesos selectivos de persoal

- Posto de traballo grupo A1: 35 €.
- Posto de traballo grupo A2: 30 €
- Posto de traballo grupo B: 25 €
- Posto de traballo grupo C1: 20 €.
- Posto de traballo Agrupacións Profesionais: 15 €.

8 Certificacións catastrais

1. Por certificacións catastrais literais, por cada documento expedido. (Incrementarase en 4,00 euros por cada un dos bens inmoables a que se refira o documento). 4,00 euros
2. Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a un inmovible, por documento expedido. (Cando as certificacións descritivas e gráficas incorporen, a petición do interesado, datos doutros inmoables, a contía incrementarase en 2,00 euros por cada inmovible). 15,00 euros



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- | | |
|---|-------------|
| 3. Certificacións negativas de bens. | 3,00 euros |
| 4. Outro tipo de certificacións distintas das anteriores. | 12,00 euros |

9 Modificación da cota

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame na participación en procesos selectivos de persoal, logo da xustificación documental:

- Persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33%.
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de categoría xeral, terán unha bonificación do 50%.
- Persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, **tres meses** anterior á data de convocatoria de probas selectivas de persoal convocadas para a selección de persoal do Concello de Foz nas cales soliciten a súa participación. Serán requisitos para o desfrute da exención que, no prazo de que se trate, non rexeitasen oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional.

Para xustificar a execución do pagamento de taxas pola causa referida na letra c) serán necesario acreditar, mediante documento certificativo expedido polo servizo público de emprego correspondente no cal conste no prazo de que se trate, os seguintes aspectos:

- Que figura como demandante de emprego, polo menos, dende os tres meses anteriores á data da convocatoria.
- Que non rexeitou ningunha oferta de emprego adecuado nin se negou a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional.
- Que non percibe unha prestación por desemprego superior ao salario mínimo interprofesional.

Artigo 7.-Bonificacións da Cuota.-

Non se concederá ningunha bonificación nos importes das cuotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa. Non obstante, exímese ós Concelleiros de calquera pago, cando se trate de expedición de documentos relacionados con tarefas inherentes ó cargo.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 8.-Devengo.-

1.Devéngase a taxa a nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos a tributo.

2.Nos casos a que se refire o párrafo 2 do artigo 2, o devengo producirase cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio, ou cando ésta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 9.-Declaración e Ingreso.-

1.A taxa será esixida en réxime de autoliquidación polo procedemento de sello municipal adherido ó escrito da solicitude ou ó expediente. A venda de sellos ó público realizarase polos servicios de Recaudación Municipal.

2.As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficios de Xulgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, non se entregarán nin remitirán, sen que previamente se satisfacera a correspondente cota tributaria.

Artigo 10.-Infraccións e Sancións.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final.-

Esta modificación entrará en vigor e comezará a aplicarse o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se produza a súa modificación ou derogación expresas.

Foz a, 03 de xullo de 2010

O Alcalde,

Asdo. José María García Rivera.